

PRÁCTICO 24 - SOLUCIÓN

BLOQUE TEMÁTICO: PROGRAMAS CONSELLERÍA - AT. DIVERSIDADE.

1. Explica en que consiste o programa piloto "Impulso mentor" para o curso 2025-26 da Consellería de educación.

Introdución e marco legal:

A normativa educativa establece medidas para garantir a equidade e a inclusión no sistema educativo. A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro (LOMLOE), indica que as administracións deben eliminar as barreiras que afectan ao alumnado en situación de vulnerabilidade e asegurar o acceso á educación en condicións de igualdade. En Galicia, o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, de atención á diversidade en Galicia garante a non discriminación e a permanencia no sistema educativo ordinario do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. A Orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade en Galicia desenvolve este decreto e inclúe o alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e cultural dentro deste grupo. Ademais, establece que a administración e os centros deben eliminar barreiras de acceso, participación e aprendizaxe, garantindo unha educación inclusiva e evitando a segregación.

Que é?

O Programa "Impulso mentor" está regulado pola Resolución do 10 de febreiro do 2026 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se regula a convocatoria do programa piloto "Impulso Mentor" destinado ao alumnado xitano para o curso 2025-26 nos centros docentes públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (consultado o 1/03/2026, recuperado de <https://www.edu.xunta.gal/porta1/node/49098>). Trátase dun programa piloto convocado pola Consellería de Educación para o curso 2025-26.

Finalidade e obxectivos:

A finalidade deste programa é favorecer o éxito educativo do alumnado xitano na escolarización obrigatoria abrindo oportunidades de desenvolvemento persoal e social. Entre os seus obxectivos principais podemos destacar:

- 1) Previr o absentismo escolar e o abandono temperán do alumnado xitano.
- 2) Contribuír a superar as desigualdades educativas da poboación xitana.
- 3) Potenciar as habilidades persoais do alumnado a través de mentorías individualizadas por parte de persoas referentes, dando a coñecer distintos campos vocacionais.
- 4) Fomentar as capacidades e o éxito académico do alumnado xitano.
- 5) Favorecer o coñecemento da historia, cultura e valores da comunidade xitana.

Centros e alumnado destinatario:

Poden solicitar participar neste programa piloto os seguintes tipos de centros:

Poderán participar nesta convocatoria os seguintes centros docentes públicos:

- 1) Centros de educación infantil e primaria.
- 2) Centros de educación primaria.
- 3) Centros públicos integrados.
- 4) Institutos de educación secundaria.
- 5) Centros integrados de formación profesional.

E o alumnado destinatario é alumnado de 5º-6º EP e alumnado de ESO.

Desenvolvemento do programa:

Os centros participantes deben desenvolver obrigatoriamente a actividade de mentoría con entre 3 e 5 alumnos ou alumnas de etnia xitana, acompañados por persoas referentes do colectivo para reforzar a súa motivación e compromiso. Ademais, poden optar por sesións grupais sobre cultura xitana e/ou reforzo das competencias clave fóra do horario lectivo, que inclúe titorías de seguimento trimestrais e dúas horas semanais de apoio educativo. O alumnado participante nas actividades adicionais debe ser o mesmo que na mentoría e recibirá un diploma acreditativo ao finalizar o programa.

Os centros educativos deben seleccionar unha persoa coordinadora do programa e seleccionar profesorado voluntario do claustro para participar na actividade.

Calendario e horario:

As actividades terán lugar a partir da publicación da resolución definitiva de admisión de centros (no curso actual, poderán participar un máximo de 10 centros) e ata o remate do curso 2025/26 concretándose as datas e horarios entre a persoa coordinadora do programa do centro educativo e o persoal da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

BLOQUE TEMÁTICO: AT. DIVERSIDADE.

2. En base al siguiente caso que se presenta a continuación (ver nota de prensa adjunta), la tutora del grupo en que está escolarizado el alumno (12 años, con S. Angelman y pérdida auditiva ligera postlocutiva por otitis) que se acaba de incorporar al IES en que usted ejerce como XDO, le pide asesoramiento. Responda a las siguientes cuestiones.



(Fuente: https://www.abc.es/espana/andalucia/almeria/sevi-madre-nino-sindrome-angelman-sentimos-enganados-junta-andalucia-201704290848_noticia.html?ref=https://www.abc.es/espana/andalucia/almeria/sevi-madre-nino-sindrome-angelman-sentimos-enganados-junta-andalucia-201704290848_noticia.html, recuperado el 15-02-2026)

- Defina brevemente en qué consiste el Síndrome de Angelman.

El síndrome de Angelman (SA) es un trastorno neurogenético poco frecuente, generalmente causado por la falta de función de un gen¹ en el cromosoma 15 de origen materno. Se caracteriza por discapacidad intelectual severa, ausencia de habla, risa inmotivada, hipermotricidad, ataxia y retraso en el desarrollo.

Se considera una enfermedad rara y no tiene cura, requiriendo un enfoque terapéutico multidisciplinar.

Características y Síntomas Clave:

- Retraso en el desarrollo: Se nota entre los 6-12 meses (falta de balbuceo, no gateo).
 - Discapacidad intelectual: Profunda o severa.
 - Problemas del habla: Ausencia casi total o lenguaje muy limitado .
 - Comportamiento: Personalidad excitable, a menudo con risas frecuentes y aplausos.
 - Movimiento/Equilibrio: Marcha espasmódica, temblores o rigidez.
 - Rasgos físicos: Microcefalia (cabeza pequeña), prognatismo (mandíbula prominente) y protrusión lingual (lengua fuera).
 - Complicaciones: Convulsiones (epilepsia) a menudo desde edad temprana, problemas de sueño, hipopigmentación (piel/ojos claros) y dificultades de alimentación.
- La tutora le solicita una evaluación psicopedagógica del alumno. ¿Qué aspectos evaluaría? Ponga ejemplos de las pruebas que emplearía para realizar dicha evaluación.

En virtude do establecido no art. 17 da *Orde do 8 de setembro de 2021* os aspectos a avaliar serían:

❖ Características do alumno:

- Datos de identificación, datos físicos e de saúde (discapacidade recoñecida, dependencia, grao de discapacidade de ser o caso, e no caso de que sexa relevante), desenvolvemento persoal (grao de autonomía, necesidade de persoal auxiliar cuidador...), nivel cognitivo, desenvolvemento a nivel de comunicación-linguaxe (si precisa SAAC, si hai linguaxe oral, en que nivel, grao de afectación...) e social (que necesita para favorecer a súa inserción social, como foi a súa inserción social no pasado), historia escolar (medidas de atención á diversidade recibidas, cualificacións...), nivel de competencia curricular, grao de adquisición das competencias, potencial de aprendizaxe, intereses e grao de motivación, preferencias de aprendizaxe e necesidades educativas que presenta.

¹ Concretamente el gen UBE3A.

❖ Contexto sociofamiliar:

- Características da familia e do seu contorno social (apoio familiar, vínculos de apego, aceptación ou negación da súa situación); aspectos que inflúen na situación actual da alumna ou do alumno; expectativas dos pais/titores legais do alumno; grao de cooperación co centro docente (colaboración positiva/negativa/ausencia de colaboración); posibilidades de colaboración da propia familia (por cuestións de conciliación por exemplo); recursos socioculturais do contorno que utilizan o alumno ou aos que podería acceder (asistencia a asociacións ou profesionais externos, etc).

❖ Contexto escolar:

- Aspectos do proxecto educativo (como se contempla a diversidade, a sensibilización a nivel de centro en relación coa diversidade), da organización do centro, da liña metodolóxica (si favorece a inclusión ou non, formación do profesorado en relación á diversidade) e da intervención educativa que inciden no desenvolvemento do alumno; características das relacións que o alumno establece cos profesionais que o atenden e coas súas compañeiras e cos seus compañeiros, tanto na aula como no ámbito xeral do centro docente.

Finalmente, entre os principais aspectos a concluir e orientacións de cara á intervención educativa estaría determinar: necesidades educativas do alumno (como favorecer as situacións de ensino-aprendizaxe, recursos ordinarios e extraordinarios que pode precisar, MAD ordinarias e extraordinarias, recursos persoais, modalidade de escolarización...).

Entre las técnicas/instrumentos/actuaciones que podríamos emplear estarían:

- Revisión informes previos (psicopedagóxicos, médicos...).
- Para evaluar aspectos cognitivos podemos emplear test sencillos y de aplicación rápida como K-BIT o RAVEN. Así mismo, existiendo discapacidad intelectual moderada o profunda podemos emplear pruebas como DICAÉ o pruebas propias de edades inferiores a la del niño (12 años). Por ejemplo, la batería BADYG de niveles inferiores hasta encontrar una que pueda responder, y extraer conclusiones acerca de la capacidad cognitiva y la sobre edad de desarrollo.
- Al evaluar aspectos de autonomía podemos emplear escalas (por ej: DABS. Escala de Diagnóstico de Conducta Adaptativa) o la observación, información que nos proporcione la tutora...
- Evaluación del lenguaje y comunicación: evaluación de aspectos fonológicos (puede hacerla la especialista en AL si hay en el centro, en caso contrario, podemos aplicar RFI o PLON. Para una evaluación más global del lenguaje podemos aplicar CUMANES (parte del lenguaje), ITPA, A-RE-HA Análisis del Retraso del Habla (aunque es propio de edades inferiores) puede darnos pistas sobre las dificultades y la orientar la intervención.
- También podemos emplear alguna escala global del desarrollo

- ¿Indique las necesidades educativas que puede tener el alumno y la respuesta educativa que daría a la tutora y equipo docente.

Si tenemos en cuenta algunas de las principales características que, con carácter general, van asociadas a un diagnóstico de SA, fundamentalmente: Retraso en el desarrollo, discapacidad intelectual; problemas del habla: ausencia casi total o lenguaje muy limitado; problemas en el movimiento/equilibrio; complicaciones como epilepsia; y el diagnóstico de pérdida auditiva ligera postlocutiva, algunas de las necesidades educativas de este alumno podrían ser:

❖ En relación con el diagnóstico de SA:

- Requiere del apoyo y la guía del adulto (tutora, especialista de PT y AL) para favorecer su aprendizaje y la resolución de tareas.
- Necesita que se le propongan situaciones de aprendizaje en las que confluyan varios canales sensoriales por los que acceder a la información: visual, táctil, auditivo, etc. Las experiencias multisensoriales serán de utilidad para mejorar sus aprendizajes.
- Experiencias y actividades para mantener (y mejorar) su comprensión oral y escrita.
- Actividades que le permitan mejorar su dominio de las operaciones aritméticas básicas y su aplicación a la vida real (suma, resta, multiplicación, división...).
- Actividades adaptadas a su nivel de desarrollo que le posibiliten la adquisición de vocabulario, expresiones y rutinas en una primera lengua extranjera.
- Precisa una mayor cantidad de experiencias de aprendizaje para aprender, una estimulación muy rica y variada, y sobre todo que motive a Rodrigo.
- Es muy importante la redundancia y el sobreaprendizaje.
- Necesita experiencias que faciliten el mantenimiento de las habilidades psicomotoras, como la mejora de la adquisición del esquema corporal y la mejora de la coordinación gruesa y fina.
- Necesita actividades que le ayuden a seguir manteniendo sus habilidades en el lenguaje oral en los diferentes niveles: fonológico, semántico, sintáctico y pragmático.
- Necesita actividades y modelado del adulto para seguir trabajando la expresión no verbal para la comunicación: gestos, expresión corporal...
- Necesita experiencias adecuadas para mejorar su autoconcepto.
- Facilitar la adquisición de un sistema de comunicación. Es primordial que el alumno-a disponga de, cuando menos, un sistema de comunicación (oral, signado, visual...).

❖ Necesidades en relación con la pérdida auditiva ligera postlocutiva:

- Estimular y potenciar la percepción auditiva del alumno. Muchos tienen restos aprovechables para la comunicación oral. Y, aunque no les permitan percibir la palabra oral, son un complemento muy útil para la lectura labial, manejo en la vida diaria (timbres, alarmas...).
- Participación activa en la comunicación, aprendizaje y relaciones del aula.

Respuesta educativa:

1. Además de contemplar las recomendaciones recogidas en el *Protocolo de atención al alumnado coa Síndrome de Down e discapacidade intelectual* e o *Protocolo de atención ao alumnado con discapacidade cognitiva*, habería que prestar atención a aspectos como:
 - Modalidad de escolarización.
 - Necesidad de SAAC (si no lo usa ya).
 - En función de su grado de autonomía debería valorarse ¿Requiere de persona auxiliar cuidador-a? ¿La tuvo en el pasado? ¿hasta qué edad? ¿La necesita en la actualidad?
 - ¿Requiere de apoyo por parte de especialista en AL-PT? ¿Hay AL en el IES?
 - Si el alumno presenta comorbilidad con diagnóstico de epilepsia, ¿Está incluido en el Plan de Alerta Escolar? En caso contrario sería recomendable.
 - Recomendaciones sobre organización de aula para favorecer lo máximo posible la participación del alumno en la dinámica del aula.
 - Empleo de metodologías inclusivas que favorezcan su integración y participación en las actividades del aula.
 - En caso de escolarización ordinaria, o en caso de escolarización combinada; el apoyo de la persona especialista en PT será preferentemente dentro de aula ordinaria.

BLOQUE TEMÁTICO: PROTECCIÓN DE DATOS.

3. A nai dunha alumna de 2º de ESO achégase un día ao seu DO e coméntalle que está en trámites de divorcio (divorcio complicado) e expónlle a seguinte situación: dice que é vítima de violencia de xénero, que o seu marido é un maltratador, que a maltratou a ela e á filla e que a filla non o quere ver diante. A nai esixe que non se lle dea ningunha información sobre a nena ao pai. Achega a folla da denuncia interposta ante a Garda Civil. Achega sentenza que determina a garda e custodia para a nai. Un mes mais tarde o pai da alumna pide unha titoría coa titora e tamén quere saber como é a evolución académica da alumna, o seu desenvolvemento persoal e social e como lle pode estar a afectar o divorcio dos seus pais. Podería vostede darlle información da alumna ao pai? De ser o caso, que tipo de información? Como debería pedir a información o pai?

En virtude do establecido no *Protocolo de protección de datos persoais* debemos aclarar unha serie de cuestións antes de dar resposta ás cuestións que se nos plantexan.

Primeiramente, é preciso diferenciar entre patria potestade e garda e custodia. A Patria potestade salvo sentenza xudicial en sentido oposto sempre a teñen os dous proxenitores. Neste caso non se indica o contrario.

Podería vostede darlle información da alumna ao pai?

A normativa e o *Protocolo de protección de datos persoais* establecen que en caso de separación ou divorcio ambos proxenitores teñen dereito á mesa información, agás nos seguintes casos:

- Que un deles teña perdido a patria potestade. (Neste caso non se nos indica que tivera perdido a patria potestade). Aínda que non teña a garda e custodia.
- Que un dos proxenitores teña sentenza xudicial de maltrato ou orde de afastamento do/da menor. Neste caso, fixédevos que esta nai non aporta unha sentenza xudicial, senón que aporta "simplemente" a denuncia interposta na Garda Civil.

Polo tanto, en principio, o pai ten o mesmo dereito ca nai para acceder a información da alumna.

De ser o caso, que tipo de información?

- Cualificacións escolares, finais e trimestrais.
- Informe psicopedagóxico.
- Convocatorias trimestrais, xerais e individuais a reunións de tutoría.
- Calendario escolar, programa de actividades complementarias e extraescolares.
- Urxencias médicas de carácter grave (que requiran atención sanitaria) acaecidas ao alumno/a en horario escolar.
- Ausencias, e o seu carácter de xustificadas ou non para o centro, na forma en que teña establecido o centro con carácter xeral.
- Inscripción no servizo de comedor e/ou transporte.
- Menú do comedor escolar.

Como debería pedir a información o pai?

O proxenitor que non ostente a **garda e custodia** deberá solicitar esta información por escrito ao centro, xuntando a esta solicitude (se o centro non conta con ela) copia da resolución xudicial (na que se recolla que ostenta a patria potestade) acompañada dunha declaración responsable de que non se teñen producido variacións respecto á dita resolución xudicial. Naqueles supostos en que o centro xa conte coa resolución xudicial, o proxenitor non custodio deberá remitir unicamente a solicitude acompañada da declaración responsable (*de non se ter producido cambios na patria potestade*).